

## Quen somos?

[Startup.gal](http://Startup.gal) é unha asociación creada no 2015 coa intención de converterse nunha comunidade aberta de persoas emprendedoras, forte, dinámica, conectada e colaborativa, e co obxectivo de promover e apoiar o emprendemento tecnolóxico en Galicia.

## Que facemos?

Xerar conexións entre as persoas do ecosistema, formar a novas persoas emprendedoras para que se incorporen a este e o potencien, e inspirar unha cultura que promova e valore o emprendemento e multiplique o potencial laboral en Galicia. Durante estes 6 anos, a asociación conseguiu vertebrar a comunidade de emprendemento, dando pasos para fortalecelo desde o traballo voluntario das persoas que compoñen a directiva, así como de achegas desinteresadas dun feixe de xente.

## Que buscamos?

Creemos que é preciso dar un paso adiante e reducir a dependencia do noso voluntarismo para facer máis e mellores cousas. Por iso buscamos unha persoa que empurre o día a día de Startup Galicia levando a cabo, entre outras, as seguintes tarefas:

- **Comunicación:** recompilar eventos, preparar e distribuir o [boletín semanal](#), xestionar as redes sociais, atender ao [Eurancho](#) e coordinarse coas persoas clave, comunicarse cos socios e persoas de interese, xestionar o correo, organizar eventos, relacionarse cos medios buscando a máxima difusión das actividades da asociación, etc.
- **Mapa de Startups:** mellorar, manter e actualizar o mapa. Comunicar sobre o mapa.
- **Patrocinadores:** buscar activamente potenciais sponsors, relacionarse cos patrocinadores actuais, preparar a documentación precisa.
- **Relacións públicas:** coordinar a relación con outras asociacións empresariais dentro e fóra de Galicia, outras asociacións de startups, fondos de investimento, persoas de interese e Administracións Públicas.
- **Xestión técnica:** aínda que non é preciso que teñas coñecementos técnicos, deberás relacionarte con quen os teña en aspectos como a xestión técnica da web, das canles dixitais ou do material dixital.
- **Labores administrativas:** preparación de documentación e presentacións, compras, obrigas administrativas (assembleas, presentación de contas, memorias anuais, facturas, etc.) e solicitude de axudas que poidan aplicar.

### Requisitos e características

Non precisamos unha titulación específica, buscamos a alguén con ganas de facer medrar o ecosistema e con interese polo emprendemento. Este traballo é para ti se és unha persoa:

- **Confiable:** orientada a conquistar os obxectivos definidos de xeito autónomo.
- **Versátil:** vas facer de todo un pouco polo que é preciso que sexas flexible e imaxinativa.
- **Comunicativa:** buscamos alguén que transmita moi ben, tanto na escrita como na fala, para que a comunicación sexa fluída tanto coas persoas da asociación como con aquelas que forman parte do ecosistema. Un nivel alto de inglés é un plus así como coñecemento de ferramentas dixitais e uso de RRSS.
- **Proactiva:** preparada para executar pero tamén para achegar ideas.
- **Motivada:** con interese en facer país e desenvolver o ecosistema galego.

### Que ofrecemos?

- A posibilidade de desenvolver de xeito activo o ecosistema de startups do país, interactuar con persoas do sector e coñecer de primeira man proxectos innovadores.
- Traballo a media xornada.
- O horario e o lugar de traballo decídelo ti.
- Contrato de 6 meses para comezar pero coa idea de construír unha relación longa.
- Data de incorporación: abril de 2021.
- Salario de 10.000 € / ano.

### Como fas a solicitude?

Envía un vídeo a [info@startup.gal](mailto:info@startup.gal) co asunto "1" explicando por que és a persoa axeitada.